



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DE EXPEDIENTE OPERACIÓN DE TESOURARÍA

O Concello de Vimianzo pretende contratar unha operación de Tesouraría por importe de 400.000,00 euros, configurada como unha conta de crédito, para cubrir déficits transitorios de liquidez.

O Concello de Vimianzo conta cun orzamento aprobado no ano 2017.

Pola Alcaldía, con data 3 de xaneiro de 2017, dictouse providencia para a tramitación do expediente para a concertación da referida operación de tesouraría.

Con data 4 de xaneiro de 2017 confecciónase o seguinte Prego:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE TESOURARÍA

1-OBXECTO DO CONTRATO

Operación de tesouraría a curto prazo a través dunha conta de crédito para dotar de liquidez ao concello de Vimianzo, para atender necesidades transitorias de tesouraría, evitando desfases entre a realización de ingresos e pagos efectivos de obrigacións recoñecidas a favor de terceiros por importe de 400.000,00 €, e están pendente de ingreso numerosas axudas cuxo gasto xa foi realizado.

2.- MÁXIMO DISPOÑIBLE

400.000,00 €

3- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O financiamento dos custos financeiros inherentes á conta de crédito a contratar realizarase con cargo á aplicación 011 31000 (Intereses) do orzamento do Concello de Vimianzo. A devolución dos capitais dispostos verificarase contra o concepto non orzamentario referido a operacións de tesouraría.

4- DISPOSICIÓN DO CRÉDITO

A disposición do capital terá lugar desde o día seguinte á formalización do contrato a medida que o Concello teña necesidade do mesmo. As transferencias de fondos a contas doutras entidades de crédito da provincia non terán ningún custo.

5- OUTRAS CONDICIÓN

Só poderán presentarse aquelas ofertas cuxas condicións financeiras cumpran co principio de prudencia financeira establecido pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Competitividade vixente o día da publicación de aprobación dos pregos desta licitación, e en particular, cumprirán cos criterios de diferenciais aplicables, fixación de tipos e a súa liquidación, así como o posible axuste de mercado entre a referencia utilizada e axeitada o período de liquidación de intereses.

5.1 Prazo

O prazo de duración do contrato será 1 ano desde a data da súa formalización.

5.2 Tipo de interese

Variable, referenciado ao Euribor trimestral, con revisión trimestral sen redondeo.

Para calcular o custe de financiamento do Estado terase en conta o procedemento establecido no ANEXO 1 da Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro de data 31 de xullo de 2015.

O Euribor tomarase con tres decimais, e sen redondeo algún.

Entenderase por EURIBOR o tipo de xuro que, de acordo coas normas establecidas pola Federación Bancaria Europea, apareza na pantalla Thomson Reuters correspondente á páxina EURIBOR01, ou a que a substitúa, oa redor das 11:00 h. a.m. CET do segundo día hábil posterior ao inicio do período de xuro de que se trate.



5.3 Liquidacións

Os intereses liquidaranse trimestralmente.

5.4 Comisións

A efectos de comparar as ofertas, a efectos de establecer cal é a economicamente máis vantaxosa comparárase o importe do interese, tendo en conta que é requisito que non exista ningunha comisión asociada á operación de crédito nin comisión de apertura, nin de non dispoñibilidade, nin de amortización anticipada nin de cancelación anticipada, non podendo establecerse ningunha outra comisión para a operación.

5.5 Amortización

A medida que o Concello teña capacidade para devolver as cantidades dispostas ou, en todo caso, ao vencemento do prazo do contrato.

6- PUBLICIDADE E INVITACIÓNS

Unha vez aprobado o presente prego remitirase a tódalas entidades de crédito que contén con oficina radicada no Concello de Vimianzo, o que permite realizar calquera trámite para o que se necesite acudir nas oficinas da entidade coa máxima rapidez e ao mínimo custo. Expoñéndose tamén dende a súa aprobación e ata o remate do prazo de presentación de ofertas no Taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web do Concello, para que calquera outra entidade interesada poida presentar a súa oferta.

8.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O tipo de xuro da operación será o único criterio a valorar das ofertas que se presenten. Non se admitirá comisión algunha de dispoñibilidade, indispoñibilidade, funcionamento, nin de cancelación anticipada da operación.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2% da plantilla) de acordo co establecido na disposición adicional 6ª da TRLCSP.

8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse no rexistro administrativo do Concello de Vimianzo, sito na Praza do Concello, nº 6, código postal 15.129, en horario de 9:00 a 14.00 horas. O prazo para a presentación de proposicións será de 7 días hábiles contados a partir do día seguinte no que se reciban as invitacións.

Tamén poderán presentarse nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro, nese caso, deberán acreditar mediante fax dirixido ao nº 981716650, no mesmo momento da súa presentación a data e lugar da súa presentación.

As proposicións constarán dun sobre no que figurará a inscrición "*Proposición para tomar parte na contratación convocada polo Concello de Vimianzo para a adxudicación dunha operación de tesouraría mediante a apertura dunha conta de crédito por importe de 400.000,00 €*", e que conterá a seguinte documentación:

- Declaración que acredite que o asinante da proposición ten apoderamento bastante para comparecer ante o Concello de Vimianzo e contratar con devandita institución en nome e representación da entidade de crédito de que se trate.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas nos artigos 60 e seguintes do TRLCSP
- Proposición económica na que se detallen as condicións ofertadas con arranxo ao modelo que se adxunta.
- Proxecto de contrato que se asinaría en caso de resultar adxudicatario.

Non se admitirán aquelas ofertas que non conteñan toda a documentación anterior. Cada entidade só poderá presentar unha oferta. En ningún caso valoraranse aquelas ofertas que non respecten o establecido na cláusula 5 do presente prego (non poderán condicionarse á apertura ou formalización doutros produtos financeiros)



9. ADXUDICACIÓN

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, estas serán abertas e cualificada a súa documentación en sesión pública, cuxa data e hora de celebración será comunicada aos participantes. Levantarase acta da apertura das ofertas presentadas en prazo, e do contido das mesmas, pasando as mesmas a informe do Servizo de Intervención remitiéndose posteriormente o expediente ao Alcalde para que adxudique o contrato á oferta economicamente máis vantaxosa, o informe técnico valorará as proposicións atendendo unicamente ao criterio do prezo estimado da operación máis baixo, de face a determinar a oferta economicamente máis vantaxosa. No caso de empate entre 2 ou máis ofertas poderán resultar adxudicatarias as ofertas empatadas subscribíndose tantas contas de crédito como ofertas adxudicatarias haxa, dividíndose o importe en partes iguais ao número de ofertas gañadoras, podendo tamén non adxudicar o contrato, si as condicións ofrecidas supoñen o incumprimento das condicións ofertadas non cumpren o principio de prudencia financeira.

Deberá presentarse poder bastantado do representante da entidade financeira (xa sexa pola Secretaria do Concello ou por notaría) proposta como adxudicataria, previa á firma do contrato.

10. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

O réxime xurídico do contrato é o seguinte:

Segundo o artigo 4.1.l) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, quedan excluídos do ámbito da Lei os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda e transferencia de valores ou doutros instrumentos financeiros, en particular as operacións relativas á xestión financeira do Estado, así como as operacións destinadas á obtención de fondos ou capital polos entes, organismos e entidades do Sector Público, así como os servizos prestados polo Banco de España e as operacións de tesouraría.

Os contratos, negocios e relacións excluídas, regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

11- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O documento en que se formalice o contrato será intervido pola Secretaría municipal, servindo como documento contractual a póliza habitual da entidade adxudicataria á que se unirá como anexo o presente prego de cláusulas administrativas particulares.

A petición do adxudicatario formalizarase ante notario ou corredor de comercio, sendo á súa costa os gastos de outorgamento. Neste caso, o adxudicatario entregará ao Concello unha copia autorizada.

Vimianzo, a 4 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos

ANEXO 1: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

A proposición presentarase debidamente asinada e datada, conforme ao modelo seguinte; non serán aceptadas aquelas que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer o/s criterio/s a valorar na adxudicación.

MODELO:

_____, en representación de _____, cuxo NIF é _____, con domicilio en _____, calle _____, no. _____, e Documento Nacional de Identidade _____, enterado e aceptando na súa integridade as condicións que figuran no Prego que regula a contratación dunha OPERACIÓN DE TESORERÍA co Concello de Vimianzo polo importe de 400.000,00 €, OFERTAS as seguintes condicións:



* Importe ofertado: 400.000,00 €

* Xuro de interés variable: Marxe sobre EURIBOR A 3 MESES _____ puntos porcentuais

* Outros gastos ou comisións: comisión de apertura, de non dispoñibilidade, de dispoñibilidade, gastos de estudio, administración, de correo ou calquera outro tipo de gasto ou comisión: CERO"

Lugar, data:

Firma:

Selo da entidade"

Con data 04 de xaneiro de 2017 infórmase favorablemente pola Intervención e secretaría municipais, conxuntamente.

No exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985.

RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar o Prego de Condicións que regulan a contratación dunha operación de tesouraría por importe de 400.000,00 euros, para atender necesidades de tesouraría, que se transcribiu literalmente nos antecedentes desta Resolución.

Segundo.-Remitir o Prego de condicións a todas as entidades financeiras da praza, expoñéndose ese mesmo día e ata a data final de presentación de ofertas no taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria